



PLAN DIXITAL

CPR AGARIMO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do plan dixital
- 1.4. Proceso de elaboración do plan dixital

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro.

Nome: CPR Agarimo

Dirección: Rúa Padre Villa, 30, Laxobre (Arteixo), 15142.

Correo electrónico: cpr.agarimo@edu.xunta.es

Páxina web: <https://www.asociacionagarimo.org/>

O CPR Agarimo é un centro concertado ubicado en Laxobre, no concello de Arteixo. Pertence a unha asociación sen ánimo de lucro (Asociación Agarimo) que leva moitos anos desenvolvendo diversas labores sociais na contorna coruñesa. Actualmente, no noso centro impártense ensinanzas de Formación Profesional Básica de Cociña e Restauración, Carpintaría e Moble e Agroxardinaría e Composicións Florais. Tamén impartimos Educación Secundaria para Adultos e contamos con cinco aulas específicas de Educación Especial.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo de Centro.

O CPR Agarimo atópase nas inmediacións do núcleo de Arteixo, concello situado no extremo occidental do Golfo Ártabro, ao suroeste da cidade de A Coruña.

Na última década, o noso centro experimentou unha evolución que o fai imprescindible para a comunidade educativa de Arteixo e tamén para o concello de A Coruña, pois cada vez acude a nós máis alumnado doutros centros da contorna, procurando unha continuidade na ensinanza, ben na Formación Profesional Básica, ben nas nosas unidades de Educación Especial.

Na actualidade hai 65 alumnos e alumnas matriculadas e un total de 15 docentes no claustro: 6 Mestres de Pedagogía Terapéutica, entre os cales se atopa a orientadora, 5 profesores técnicos de FPB e 4 profesores licenciados dos módulos comúns.

O crecemento empresarial que experimentou Arteixo nas últimas décadas (polígono de Sabón, proximidade de A Grela, a Refinería, o porto exterior e o polígono de Morás), xunto coa proximidade de A Coruña e outros factores tales como os baixos prezos dos alugueres e vendas de pisos, contribuíron ao incremento da poboación do municipio, ata alcanzar os case 33.000 habitantes censados na actualidade.

Este incremento non só afecta á poboación española, senón tamén ao colectivo inmigrante, que cuadruplicou o seu número na última década. Este progresivo aumento no número de censados leva consigo unha discordancia entre a poboación e as infraestruturas postas ao seu servizo: instalacións deportivas, centros de saúde, centros educativos... No que respecta a estes últimos, o aumento do volume da poboación escolar tradúcese nunha proporción crecente alumnado/aulas e alumnado/profesorado, coa particularidade de que unha porcentaxe importante deste alumnado é inmigrante. Isto dá lugar a un contexto socioeducativo moi particular, cunhas necesidades moi específicas, que en moitos casos non poden ser atendidas de modo axeitado polos demais centros da zona. Ante esta realidade, os IES optan por derivar ao noso centro a aquel alumnado que non ven con posibilidades educativas, por razóns condutuais, de dificultades de aprendizaxe ou outros motivos como obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, converténdonos, deste xeito, nun centro de referencia tanto para os institutos da zona, como para un número importante de familias e rapazada con baixas expectativas, que ven na pronta inserción laboral unha alternativa de futuro. Este feito, engadido á vontade de ocuparse da mocidade máis desfavorecida, tanto desde o punto de vista persoal como familiar, social e económico, constitúen os pilares sobre os que se asenta a filosofía do noso centro e explican o carácter certamente singular da nosa poboación estudiantil.

No noso centro entendemos a educación como unha actividade social que pretende alcanzar unha formación integral por parte do alumnado, un nivel de autonomía satisfactorio e unha integración completa no seu ámbito sociocultural, e as novas tecnoloxías han de ser unha vía máis para acadar estes obxectivos. A utilización dos medios tecnolóxicos está a ter unha repercusión en toda a sociedade, polo que o noso centro educativo non pode permanecer á marxe dos cambios que se están a producir, e somos conscientes de que o uso das TIC é un elemento motivador para o noso alumnado. Por iso, este plan dixital debe encaixar á perfección no contexto institucional máis amplo, recollido no Proxecto Educativo de Centro e na Programación Xeral Anual. De igual xeito, ha de estar correlacionado coa información recollida no Plan TIC. Algúns dos obxectivos plasmados neste último e que son susceptibles de traballo no marco deste plan dixital son os que seguen a continuación:

- Potenciar o manexo das TIC e incluílas como un recurso máis no proceso de ensino- aprendizaxe en todas etapas educativas do centro.
- Mellorar a comunicación con toda a comunidade educativa a través da web da escola, a aula virtual, o correo electrónico e redes sociais, nas que se divulgue información referente ao centro e ao seu alumnado.
- Xestionar e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos da escola mediante a revisión e mantemento dos mesmos.
- Seleccionar programas e materiais informáticos educativos que poidan axudar aos docentes no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Lograr o compromiso de todo o profesorado do centro na aplicación das novas tecnoloxías.
- Introducir as TIC no ensino de forma xeneralizada e innovadora, analizando os cambios que producen no proceso de ensino- aprendizaxe.

- Conseguir que o alumnado acceda ás TIC en xeral e ao mundo de internet en particular.
- Empregar programas que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo e a adquisición de competencias básicas.
- Empregar as TIC como fonte de información e medio para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Divulgar as diferentes actividades que se realicen no centro á comunidade educativa a través da páxina web ou das redes sociais.

1.3. Breve xustificación do Plan Dixital.

O Plan Dixital recolle as accións encamiñadas a mellorar a competencia dixital do noso centro educativo. O proceso de desenvolvemento e difusión da tecnoloxía é imparabile e xa se consolidaron unha serie de recursos, ferramentas e servizos que permiten mellorar os procesos educativos que ocorren na realidade das aulas e tamén aqueles que contribúen a que os centros educativos cumpran coa súa función formativa. Deste xeito, e tendo en conta o mundo no que vivimos, é preciso abordar a tecnoloxía desde un punto de vista global, partindo da idea das escolas como unidade de transformación, e deseñando plans de mellora que poden ser levados a cabo co impulso e o esforzo dos traballadores dos centros.

As escolas forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizados e, por esta razón, deben dar resposta a estas necesidades e demandas para poder formar a futuros cidadáns e cidadás coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno destas características. Nunha organización escolar, o uso das tecnoloxías é evidente e necesario en diversas prácticas, desde as relacionadas con cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensino e aprendizaxe. A educación é un recurso clave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e, nunha perspectiva máis xenérica, a mellora das condicións de vida das comunidades. É por iso unha

cuestión de verdadeira importancia a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garantice a adquisición de competencias dixitais.

O presente Plan Dixital está contextualizado na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración do Plan Dixital.

O proceso de elaboración deste plan dixital é levado a cabo por unha persoa coordinadora, pero implica a toda a comunidade educativa, tendo especial relevancia no proceso o equipo directivo, pola visión global que pode aportar desde o seu posto de responsabilidade, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permitan o cambio atendendo a principios democráticos.

Partindo da idea deste plan como unha ferramenta de mellora das condicións do noso centro educativo, dividimos a súa elaboración en catro fases procesuais:

- Análise e diagnose: o primeiro que se fixo foi determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación que marcarían este proxecto de traballo, avaliando as necesidades do noso profesorado e alumnado en relación á súa competencia dixital. Unha vez feita esta análise, valoráronse os puntos fortes e os puntos débiles do noso centro en materia dixital para, posteriormente, clarificar os obxectivos máis urxentes de abordar durante o próximo curso escolar.

- Deseño e elaboración: refírese a creación propiamente dita do presente documento, un primeiro boceto do plan dixital, partindo dos datos extraídos da primeira fase en relación á competencia dixital que existe no persoal do noso centro, e que irá sendo modificado en próximos cursos segundo necesidades e propostas de mellora.

- Implementación, seguimento e avaliación: fase que terá lugar o vindeiro curso escolar, cando se poña en marcha o presente plan dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

O CPR Agarimo consta dunha rede de alta velocidade subdividida en dúas subredes: unha para o profesorado e outra para o seu emprego por parte do alumando.

En relación ao equipamento, contamos con:

- Dúas aulas de informática que constan de 15 e 16 ordenadores de sobremesa cada unha. Ámbalas dúas teñen a maiores un ordenador para o profesorado e unha pizarra dixital conectada a un proxector.

- Unha biblioteca cunha SMART TV.
- Unha aula de convivencia provista de 7 ordenadores de sobremesa (incluído o do profesorado).
- Unha aula que dispón de 3 ordenadores de sobremesa, unha pizarra dixital conectada a un proxector e un ordenador de sobremesa para o profesorado.
- Unha aula provista dunha pizarra dixital conectada a un proxector e un ordenador portátil para o profesorado.
- Unha aula con 6 ordenadores de sobremesa (incluído o do profesorado).
- Un salón de actos equipado cun proxector.
- Un departamento de orientación provisto de dous ordenadores de sobremesa.
- Un despacho de dirección provisto de dous ordenadores portátiles.
- Unha sala de profesores e profesoras equipada con 5 ordenadores de sobremesa e unha fotocopiadora.
- 24 tablets.

Así mesmo, no centro dispoñemos de diferentes servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente: páxina web, aula virtual e espazo Abalar, ademáis de redes sociais: Facebook, Instagram e Twitter.

A nivel de recursos persoais, contamos cun técnico informático que se ocupa do mantemento do equipamento.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

➤ *Autoavaliación SELFIE:*

Servíndonos da ferramenta SELFIE (siglas que en inglés significan «auto-reflexión sobre unha aprendizaxe efectiva mediante o fomento da innovación a través de tecnoloxías educativas innovadoras»), avaliamos a nosa realidade dixital escolar, reunindo, de forma anónima, as opinións de alumnado, profesorado e equipo directivo e baseándonos nas seguintes dimensións:

- Liderado: céntrase no papel que desempeña o liderado do centro educativo na integración das tecnoloxías dixitais.
- Colaboración e redes: céntrase nas medidas que os centros educativos poden aplicar para promover unha cultura de colaboración e comunicación a fin de compartir experiencias e aprender de xeito efectivo dentro e fóra da organización.
- Infraestructura e equipos: céntrase na infraestrutura axeitada, fiable e segura que poda permitir e facilitar o emprego de prácticas innovadoras de ensino, aprendizaxe e avaliación.
- Desenvolvemento profesional continuo: céntrase no xeito no que o centro apoia o desenvolvemento profesional continuo do seu persoal a todos os niveis.
- Pedagogía: apoio e recursos: céntrase na preparación do uso de tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe mediante a actualización e innovación das prácticas de ensino e aprendizaxe.
- Pedagogía: implementación na aula: céntrase na implementación na aula das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, actualizando e innovando nas prácticas de ensino e aprendizaxe.

- Prácticas de avaliación: refírese ás medidas que os centros poderían considerar para substituír a avaliación tradicional por un conxunto de prácticas máis amplo, que podería incluír prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía centradas no alumnado, personalizadas e auténticas.
- Competencias dixitais do alumnado: estuda o conxunto de habilidades, coñecementos e actitudes que permiten ao alumnado o emprego desenvolto, creativo e crítico das tecnoloxías dixitais.

A continuación, expóñense os resultados deste cuestionario, puntuados sobre 5, resumidos por áreas e facendo referencia a cada unha das erapas educativas que se cursan no noso centro.

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		Ed. Primaria	Ed. Secundaria	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8	3,1	3,4
	Profesorado	3,3	3,7	3,4
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7	2,8	2,9
	Profesorado	2,4	2,9	3
	Alumnado	4	2,2	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3	3,5	3,1
	Profesorado	3,2	3,5	3,5
	Alumnado	3,7	2,2	2,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3	3,4	3,7
	Profesorado	3,1	3,6	3,5
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9	4,2	4,1
	Profesorado	4,2	4,2	3,9
	Alumnado	-	3	2,8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3	4	3,6
	Profesorado	3,7	3,6	3,4
	Alumnado	4,3	3	2,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5	2,9	3,1
	Profesorado	3,4	3	3
	Alumnado	-	2	2,3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,9	2,9	3,2
	Profesorado	3	2,9	2,8
	Alumnado	3,6	2,2	2,5

• **Test CDD:**

Trátase dun informe que ofrece os resultados agrupados da autorreflexión do profesorado do centro para coñecer o nivel de competencia dixital de cada un e poder planificar a súa formación futura no ámbito dixital.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
SUBSTITUTO	1	3	33,3%
LABORAL	12	19	63,2%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,2	Explorador/ a (A2)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Ed. Esp.	<u>69,8</u>	<u>Integrador/ a (B1)</u>	<u>72,2</u>	<u>Integrador/ a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/ a (A2)	7	53,8%
Integrador/ a (B1)	6	46,2%
TOTAL	13	100%

2.3. Análise DAFO

É unha ferramenta de análise que estuda as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades) do centro educativo en materia dixital. A nosa análise:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<p>C2. Hai dispositivos suficientes para o seu uso no centro.</p> <p>C3. Acceso a Internet no centro educativo.</p> <p>C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos.</p> <p>C14. Os espazos do centro facilitan o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C15. Acceso do alumnado n.e.a.e. a tecnoloxías asistenciais.</p>	<p>C1. Conexión a Internet lenta e pouco fiable.</p> <p>C5. Insuficiente asistencia técnica.</p> <p>C8. Non hai dispositivos dixitais suficientes que poden ser empregados polo alumnado.</p> <p>C10. Non hai dispositivos portátiles para levar a casa cando o alumnado o precise.</p> <p>C13. O alumnado non pode traer o seu propio dispositivo ao centro.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>A3. O profesorado conta co apoio do equipo directivo para explorar novas modalidades de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B3. Emprego de tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións.</p> <p>D2. Oportunidades de formación en tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1. Emprego e búsqueda de recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>E2. Creación de recursos dixitais en liña.</p> <p>E4. Emprego de tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p> <p>F1. Emprego de tecnoloxías dixitais para adaptar método de ensino ás necesidades do alumnado.</p> <p>F3. Emprego de actividades dixitais que fomentan a creatividade.</p> <p>F4. Realización de actividades dixitais de aprendizaxe que implican ao alumnado.</p> <p>Algúns docentes teñen unha formación dixital B1.</p>	<p>A4. Falta de tempo para explorar tecnoloxías dixitais.</p> <p>B1. Non avaliamos os progresos en materia de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>B2. Non debatimos sobre as vantaxes e inconvenientes do uso das tecnoloxías dixitais no ensino.</p> <p>D1. Non debatimos sobre as necesidades de formación en tecnoloxías dixitais.</p> <p>F6. Non empregamos de tecnoloxías dixitais para proxectos interdisciplinares.</p> <p>G1. Non empregamos tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>G3. Non empregamos tecnoloxías dixitais para feedback co alumnado.</p> <p>G5. Non empregamos tecnoloxías dixitais para que alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>A maioría dos docentes teñen unha formación dixital A2.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>Colaborador nas actividades educativas do centro.</p>	
	ALUMNADO	<p>E3. Acceso a plataformas dixitais.</p> <p>F4. Implicase máis cando se emprega a tecnoloxía.</p>	<p>C8. Escasos dispositivos dixitais para a aprendizaxe.</p> <p>H10. Competencia dixital baixa.</p>

			H11. Descoñecemento en codificación e programación.
	FAMILIAS	En FP, emprego de tecnoloxías dixitais para a comunicación familia- escola.	En xeral, competencia dixital baixa.
	OFERTA	A3. O profesorado conta co apoio do equipo directivo para explorar novas modalidades de ensino con tecnoloxías dixitais. Proxecto Abalar	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3. Equipo directivo apoia a profesorado para explorar novas modalidades de ensino con tecnoloxías dixitais. C14. Os espazos do centro facilitan o ensino con tecnoloxías dixitais. C15. Acceso do alumnado n.e.a.e. a tecnoloxías asistenciais.	A1. Non existe unha estratexia dixital clara e axeitada. A4. Falta de tempo para explorar como mellorar o método de ensino con tecnoloxías dixitais. B1. Non avaliamos os progresos en materia de ensino con tecnoloxías dixitais.

		EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Aposta forte pola ensinanza dixital. A Administración oferta unha formación dixital específica para o profesorado.	
	LEXISLACIÓN		A5. Coñecemento sobre dereitos de autor e licenzas de uso ao empregar tecnoloxías dixitais. C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos.	Falta de concreción curricular para orientar o Plan Dixital.
	CONTORNA			Mala localización do centro.
	ANPA			
	OUTRAS ENTIDADES		Implicación doutras entidades nas actividades do centro.	B3. Non se empregan tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. Pouca implicación do concello nas actividades do centro.

3. PLAN DE ACCIÓN

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

“Área/s de mellora”: E- Pedagogía: Apoios e recursos. (E3- Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado).						
1. OBXECTIVO:	Empregar a Aula Virtual do centro no proceso de ensino- aprendizaxe, por parte do profesorado e do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	A totalidade do profesorado do centro educativo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado e o alumnado coñecen e manexan a Aula Virtual do centro educativo. - O profesorado crea materiais con recursos dixitais como apoio para impartir as distintas materias curriculares. (Instrumento: <u>ENQUISA A DOCENTES E ALUMNADO</u>)					
Valor de partida	Ningún profesor/a nin alumno/a emprega a Aula Virtual do centro no proceso de ensino – aprendizaxe.					
Valor previsto e data	Todos os profesores/as e alumnos/as empregan a Aula Virtual do centro como un recurso máis no proceso de ensino- aprendizaxe.			Fin de curso: xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear os cursos referidos a cada materia na Aula Virtual do centro.	Equipo directivo.	Final 1º trimestre: decembro 2022	PC, Aula Virtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Matricular á totalidade de profesorado e alumnado na Aula Virtual do centro.	Equipo directivo.	Final 1º trimestre: decembro 2022	PC, Aula Virtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Revisar materiais existentes na rede para apoiar o proceso de ensino/aprendizaxe nas diferentes materias e subilos á aula virtual do centro.	Profesorado especialista das diferentes materias.	Os recursos deberán irse actualizando progresivamente, ao longo do curso.	PC, Aula Virtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Crear materiais dixitais para apoiar o proceso de e/a nas	Profesorado	Os recursos deberán irse actualizando	PC, Aula Virtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	

diferentes materias e subilos á aula virtual do centro.	especialista das diferentes materias.	progresivamente, ao longo do curso.			Pendente	
A01.5: Traballar co alumnado nas actividades subidas á Aula Virtual.	Profesorado especialista das diferentes materias.	Final de curso: xuño 2023	PC, Aula Virtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: H- Competencias dixitais do alumnado. (H10- Habilidades dixitais para diferentes materias).						
2. OBXECTIVO:	Formar ao alumnado de Educación Especial en aspectos básicos de competencia dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de Educación Especial.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<p>O alumnado de Educación Especial adquire competencias dixitais básicas, tales como:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coñecer e manexar ferramentas ofimáticas de traballo no PC: LibreOffice Writer, LibreOffice PowerPoint... ➤ Buscar datos, información e contidos en entornos dixitais. ➤ Avaliar a información que se atope na rede e ser reflexivos con ela, interpretando e analizando críticamente calquera contido dixital. ➤ Xestionar a identidade dixital: non compartir contidos inadecuados, protexer a súa información persoal, non contactar con extraños... <p>(Instrumento: PROBA AVALIATIVA AO ALUMNADO)</p>					
Valor de partida	0 sesións semanas adicadas á competencia dixital.					
Valor previsto e data	1 sesión semanal adicada á competencia dixital.				Fin de curso: xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Integrar no horario escolar de Educación Especial unha hora semanal adicada á competencia dixital.	Equipo directivo.	Setembro 2022: antes do comezo das clases.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Practicar mecanografía e opcións básicas do ordenador: encendido, apagado, gardar arquivos, imprimir...	Profesorado de Educación Especial.	Final primeiro trimestre: decembro 2022.	PC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Iniciar ao alumnado en ferramentas ofimáticas como LibreOffice Writer, LibreOffice PowerPoint...	Profesorado de Educación Especial.	Final primeiro trimestre: decembro 2022.	PC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Utilizar tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Profesorado de Educación Especial.	Final de curso: xuño 2023.	PC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A02.5: Practicar o manexo do correo electrónico co alumnado maior de 14 anos, cumprindo coa normativa e lexislación vixentes.	Profesorado de Educación Especial.	Final de curso: xuño 2023.	PC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.6: Reflexionar sobre os perigos da rede e sobre a importancia da seguridade ao navegar por ela.	Profesorado de Educación Especial.	Final de curso: xuño 2023.	PC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE
INFRAESTRUTURA	Conectividade a internet máis axeitada.	Por estar ubicados nunha contorna rural, temos moitos problemas para conectarnos á rede, a cal temos que reiniciar constantemente.	Poder ter unha conectividade a internet de calidade.
EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - 6 pizarras dixitais. - 6 proxectores. - 6 ordenadores portátiles. - 5 ordenadores de sobremesa. - 50 tablets. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non todas as aulas do centro contan con este equipamento. - Os ordenadores que hai están obsoletos e non funcionan ben. - Non hai tablets suficientes para todo o alumnado. 	Dixitalizar todas as aulas do centro educativo.

4. Avaliación do plan dixital

Sendo conscientes de que toda avaliación é un proceso, deberemos realizar un seguimento constante do desenvolvemento deste plan dixital, implicando a toda a comunidade escolar, a fin de valorar a súa efectividade e a consecución dos obxectivos propostos.

Para isto, dividiremos a valoración do plan en varios momentos ao longo do curso, que conformarán dous tipos de avaliación:

- Avaliación procesual: levarase a cabo ao finalizar cada un dos trimestres e terá por obxecto valorar o estado da execución das accións, analizar e valorar os resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións, así como as propostas de mellora. Farase por medio de enquisas ou probas avaliativas a docentes e alumando, así como mediante reunións periódicas do equipo do plan dixital e titores, o cal permitirá realizar un seguimento máis obxectivo da implantación do plan.

- Avaliación final: realizarase ao final de curso, avaliará a consecución dos obxectivos establecidos para ese ano escolar, que en relación ao vindeiro curso, son os que seguen a continuación:
 - Mellora da velocidade da conexión á rede.
 - Ampliación de equipamento no centro educativo.
 - Emprego da Aula Virtual do centro educativo por parte de alumnado e profesorado.
 - Adquisición de competencia dixital básica no alumnado de Educación Especial.

Nesta valoración final, o equipo do plan dixital tamén analizará as propostas de mellora pertinentes do mesmo, implicando a toda a comunidade educativa e mediante instrumentos como enquisas ou probas avaliativas.

5. Difusión do plan dixital

O proxecto dixital é un documento de centro que ha de chegar á totalidade da comunidade escolar. Por iso é fundamental crear un plan para a súa difusión entre a mesma que abranga a súa presentación tanto a estudantes e profesorado, como a familias ou outros axentes da comunidade educativa, para que todos e todas poidan coñecelo e implicarse nel.

No CPR Agarimo realizaremos esta exposición do plan dixital por medio de reunións ou charlas informativas, de ser preciso, e sobre todo, o presentaremos nas redes sociais –Facebook, Instagram e Twitter- e na páxina web do centro. A súa presenza nesta última garantiza que poida chegar a toda a comunidade educativa e, de ela, pode deducirse tamén a importancia que desde o centro lle damos á introducción e integración das novas tecnoloxías no proceso de ensino- aprendizaxe.

Este plan de difusión contará, así mesmo, con diferentes fases:

- Antes de iniciar o proxecto: será a principio de curso cando se comunique a toda a comunidade educativa a intención de levar a cabo este plan dixital.
- Durante o desenvolvemento do proxecto: irá difundíndose o proxecto durante todo o curso escolar, por medio de reunións de claustro, publicacións en redes sociais e na páxina web do centro.
- Despois do proxecto: trátase de valorar e anunciar os resultados do propio plan a final de curso, avaliando o seu impacto, de novo por medio de reunións e publicacións nas redes sociais e na páxina web do centro.